



LEBRIS



André PEROCHEAU



André ROUAULT



RÉGEON



Auguste CHAUVIN



Marcel DUGUY



Clément FOUGEARD



Alfredo
GOMEZ OLLERO



Pierre GRELEAU



Jacques GUILLOUX



esto
IDALGO



Miguel
SANCHEZ TOLOSA



Joseph SEROT



Félicien THOMAZEAU



Gaston TURPIN



Marcel VIAUD

ALFREDO GÓMEZ OLLERO
a memoria galega no Proceso dos 42



Tiveron que pasar setenta anos da guerra civil para que Galicia comece a recuperación da memoria da época máis trágica do século XX. Setenta anos de silencio que están engastados non só á historia colectiva do país senón tamén aos segredos mellor gardados das familias: o medo é, sen dúbida, unha das mellores e máis eficaces armas de represión. Porén, pouco a pouco, comezan a rescatarse as vidas do segredo, as xestas daqueles homes e mulleres que morreron por defender causas xustas. Un deles é Alfredo Gómez Ollero, un ourensán sorprendido polo alzamento de 1936 en Córdoba que chegou a ser capitán das forzas republicanas e unha das pezas clave da resistencia francesa contra os nazis na zona de Nantes. Ollero foi, precisamente, un dos 37 fusilados no Proceso dos 42, simulacro de xuízo que a ocupación alemá artellou para escarmentar as continuas sabotaxes dos resistentes. Mentres en Nantes se lle tributan homenaxes a Ollero desde hai anos, en Galicia era un home practicamente descoñecido. Este ano, Francia tributoulle un recordo especial coa inauguración dun monumento na tumba onde descansa en Nantes xunto aos outros catro españois fusilados no célebre proceso, entre eles outro galego: Benedicto Blanco. Revista das Letras afonda con este monográfico na súa vida nun ano en que Galicia lle dedica aos heroes coma el o tributo da súa memoria.

Alfredo Gómez Ollero

Os nomes do segredo

4 | **r d l**
Galicia Hoxe 02/03/06

O pasado trece de febreiro, a cidade francesa de Nantes celebrou un ano máis a súa tradicional homenaxe aos fusilados polos nazis durante a invasión alemá, no célebre Proceso dos 42, en referencia ao número de inculpadados de terrorismo nun xuízo de nula validez legal. Este ano, a homenaxe tiña un significado especial: no cemiterio onde descansan os cinco españois asasinados inaugurouse un monumento que lembra a súa xesta. Entre eles cinco, había dous galegos:

Benedicto Blanco –do que non se teñen referencias familiares– e Alfredo Gómez Ollero. A inauguración permitiu reunir en Nantes a algúns dos familiares do grupo pero, sobre todo, permitiu recuperar a memoria dun home, Gómez Ollero, que se perdera no silencio posterior á guerra civil, incluso para as súas fillas e os seus netos, ignorantes do sangue heroico que corría polas súas veas.

De Alfredo Gómez Ollero (Paderne de Allariz, 1905), a súa muller, Pura Losada Muñoz, só foi transmitindo pequenas pinceladas: que estaba en Córdoba cando sucedeu o alzamento militar de 1936 e que morrera nalgún lugar de Francia nos anos seguintes. Pura, morta aos 98 anos no 2005 sen coñecer nunca o auténtico valor do seu marido, sacou adiante na dura posguerra as súas dúas fillas e, na voráxine censuradora do réxime franquista, tiña medo de remexer no pasado e, mesmo, de contarlles

aos seus descendentes nada que non fose o estritamente xustificable.

Por iso, a mediados do ano pasado, a familia de Gómez Ollero quedou conmocionada cando recibiu un comunicado desde Francia informándoa da homenaxe que pretendían tributarlle ao seu pai e das circunstancias que rodearon a súa morte. A partir de aí, devolverlle a honra que Muñoz Ollero se merece converteuse para eles nunha responsabilidade histórica.

Para empezar, ignoraban o seu grao de implicación na actividade política, se ben foron debuxando, a medida que as esculcas avanzaban, unha filiación clara co Partido Comunista, mesmo desde Ourense. Sabían que o alzamento o sorprendera en Córdoba e que a Córdoba se trasladaba algúns veráns para traballar no seu oficio: cordoeiro. O que non sabían era que, ao pouco de iniciarse a contenda, fora nomeado capitán do exército e que combatía ás ordes do xeneral

comunista Enrique Lister, probablemente ligado ao Batallón Popular de Milicias Galegas, segundo indica Basilio Álvarez. O seu nome e a súa fotografía aparecen tamén en distintas publicacións da época vencelladas ao Partido Comunista.

Na reconstrución da súa biografía, coa hipótese máis que probable de que estivera na Batalla do Ebro, a familia de Gómez Ollero garda algúns testemuños escritos do seu paso por unha das máis terribles páxinas da historia de España:



No Proceso dos 42 hai homes e mulleres de idades que van entre os 17 e os 57 anos, pero que teñen todos uns mesmos ideais. Son intelectuais, traballadores manuais, republicanos españois, moitos deles comunistas que se uniran á resistencia contra os nazis. Todos compareceron diante dun consello de guerra alemán despois de ser interrogados e torturados pola policía francesa tras a súa detención. As causas que lles imputan son posesión de explosivos, sabotaxe de cables telefónicos e eléctricos e atentados contra os colaboracionistas nazis. Despois de que as forzas de ocupación executasen 50 reféns en 1941 como casti-



go polo asasinato dun alto mando militar, as accións en Nantes da resistencia multiplicáranse e daban a impresión dunha actividade sen precedentes contra os nazis. Estas accións provocaron a cólera dos alemáns e desencadearon a represión contra os demócratas franceses. Os militantes comunistas convértense nun dos seus obxectivos predilectos. É entón cando a sección francesa da policía anticomunista lanza unha vaga de detencións contra os rapaces que pertencían ou eran susceptibles de pertencer ao Partido Comunista. E entre eles, estaba Gómez Ollero.

[Yann Vince]

Gómez Ollero na pensión na que viviu en Nantes, con Madelaine Farge (no centro de pé). Abaixo, propaganda dos nazis e monumento aos 50 reféns en Nantes

os campos de concentración das "praias da morte", sinónimo das atrocidades que se cometeron cos republicanos españois cando conclúe a guerra civil e no seu exilio, son recibidos en Francia coa máis cruel incompreensión. Durante a estadía, Alfredo e Pura manteñen unha estreita correspondencia, da que a muller conservou –en segredo– unha pequena parte. Polos encabezamentos desas cartas, consta que, ao primeiro, Ollero estivo en Barcarès e posteriormente pasou por Argelès. Desde Argelès, precisamente, solicitalle a Pura con insistencia que lle remita a documentación necesaria para acreditar a súa identidade e abandonar a reclusión. Nese tempo, prepara tamén o traslado á Arxentina ou a México, onde tiña uns curmáns. Pero o traslado pronto se lle revelaría imposible. Son anos de grandes dificultades, unidos aos problemas cunha ferida de guerra que o leva por distintos hospitais franceses.

Nos seus textos, son constantes as queixas: lamenta que Pura non lle escriba con máis asiduidade ou que ningún dos familiares que deixou en Galicia lle conteste ás cartas.

Nos abondosos momentos emotivos que se suceden, figura a continua autoafirmación de amor que lle fai a Pura e os proxectos que soña para cando se reúnan.

Dos campos de concentración pasa a Nantes e entra na 178 Compañía de Traballadores Españois. No informe do proceso que logo, en 1943, se seguiría contra el, indícase que traballaba de peón albanel e que residía nunha pensión no Chemin du Brulis. Segundo un testemuño recente de Madeleine Farge, que tiña daquela 17 anos e se hospedaba nesa mesma pensión coa súa nai, os bombardeos dos aliados de 1943 acabaría destruíndo o edificio e nese bombardeo, morreron a dona –Mme Hamon e a súa filla.

Xa entón, Gómez Ollero –baixo a falsa identidade de François Bastien– debía estar estreitamente vencellado

ás actividades da resistencia francesa contra a coupación alemá e á primeira liña de acción do Partido Comunista. Ao parecer, era o máximo responsable da resistencia en toda a zona inferior do Loira e servía de enlace ao PC no exilio. Na documentación do xuízo ao que foi sometido, subliñase que era responsable dunha célula de catro españois, entre eles o ourensán Benedicto Blanco.

O Proceso dos 42, no que Gómez Ollero sería xulgado, foi un dos máis importantes da época por número de encausados e fusilados. En certo modo, os alemáns querían escarmentar nos acusados a serie de atentados e campañas de sabotaxe que se


viña rexistrando na rexión do Loira inferior desde mediados de 1941. Os nazis consideraban que debían darlle exemplo a unha resistencia e se ía facendo máis e máis forte e nutrida.

Do 15 ao 28 de xaneiro de 1943, desenvólvese este simulacro de proceso, todo en alemán e sen tradutores. Este feito vai dificultar a propia defensa dos inculpados. O consello de guerra dos nazis non vai ter piedade e mesmo para as causas máis leves haberá condeas a morte:

en total serán fusilados 37 dos 42, xa que os outros catro acusados –dos cales dúas eran mulleres– foron deportados. Ao final, ao coñecerse as penas, as vítimas entoan a Marsellesa diante do tribunal, que trata de acalalos.

Os fusilamentos comezan de inmediato no chan de Bêle, cerca de Nantes. Primeiro son nove e, logo, o 13 de febreiro de 1943, tócalle de vez aos outros 25, entre os que figura Gómez Ollero. Os últimos esperarán algúns meses aínda.

Será seis anos despois e ante a falta de noticias do seu home, cando Pura, osmando un trágico destino, se decidiu a solicitarlle ao Concello de Paderne que averiguase se Alfredo Gómez Ollero estaba morto. Ás poucas semanas chegou a morte: fora fusilado en Nantes. Despois, todo foi silencio.



Nantes converteuse, mediada a II Guerra Mundial, nun obxectivo estratéxico para os aliados. A cidade sufrirá arredor de trinta ataques durante toda a contenda. Para os aliados, era importante destruír en Nantes os brancos económicos, industriais e militares ligados á ocupación: o porto, as estacións de clasificación e as industrias pensadas, das que a cidade era un centro importante. Arredor de 1.800 habitantes de Nantes atoparon a morte nestes bombardeos. Os máis mortíferos rexistráronse o 16 e o 23 de setembro de




1943. No día 16, 130 bombardeiros lanzaron durante 16 horas cerca de 3.000 bombas, alcanzando boa parte delas os seus obxectivos. Unha grande área do centro da cidade foi destruída. No ataque do 23 de setembro, o bombardeo afectou gravemente o porto e a estación. Nesa luctuosa xornada, morren preto de 1.500 persoas e rexístranse 2.500 feridos. Uns 700 inmobles son esborrallados. Nas semanas seguintes, preto de 100.000 habitantes –a metade da poboación da cidade– deberon abandonar a cidade devastada.

Arriba, homenaxe na posguerra en Nantes aos fusilados no proceso do 42. Abaixo, bombardeo de Nantes e cartel dos nazis para desprestixiar os ingleses.



Por vez primeira, os familiares de Alfredo Gómez Ollero estiveron o pasado 13 de febreiro na tradicional homenaxe que se lles rende aos fusilados no Proceso do 42. As súas dúas fillas, Pura e María Gómez Losada; catro netos, Alfredo e Miguel Fernández, José Ramón e María do Carme Guede, foron os invitados de honra nunha cerimonia á que tamén asistiu Madeleine Farge e o marido de María, Manuel Fernández. Nesa cerimonia, inaugurouse un monumento que preside a tumba dos cinco españois sepultados en Nantes. Unha placa co nome de todos os fusilados do proceso preside tamén o campo de tiro onde caeron asasinados.



Para Manuel Fernández, o marido de María Gómez, era a súa segunda visita a Nantes. A primeira vez foi a mediados dos anos sesenta, cando se trasladou a Francia para arranxar os papeis necesarios que lle permitirían á muller de Alfredo recibir unha paga do Goberno francés como viúva dun morto de guerra. A paga percibiuna Pura até a fin da súa vida. Naquela primeira visita, Manuel contactou con Bautista López, un republicano español que fora íntimo amigo de Alfredo e compartira con el a misión de apoio loxístico á resistencia. Bautista, que vivía en Nantes e creara alí unha nova familia, era de Lugo. A partir dese momento, Bautista visitou varias veces Paderne.



De momento, a familia de Gómez Ollero non ten previsto trasladar os seus restos a Galicia, polo menos até que, segundo as súas palabras, non se lle renda a mesma homenaxe que ten en Francia. O acto de Nantes, porén, contou este ano co apoio explícito do presidente do Goberno español, José Luís Rodríguez Zapatero; o vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, e a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, quen subliña o feito de que Ollero morreu "por defender unha causa xusta". Despois da homenaxe, os representantes do BNG no Concello de Paderne presentáronlle á corporación unha iniciativa para converter a Gómez Ollero en fillo predilecto da localidade. A iniciativa está pendente de aprobación.

Arriba, momento da homenaxe co monumento aos cinco españois ao fondo. No centro, a lápida dos cinco fusilados. Abaixo, marcha dos representantes da resistencia polas rúas con motivo da homenaxe

Coincidindo coa declaración do Ano da Memoria, que se celebra este 2005 co 70 aniversario do comezo da Guerra Civil española, a Consellería de Cultura iniciou un ambicioso proxecto para converter a Illa de San Simón –outroora lugar no que foron reclusos numerosos republicanos tras o alzamento militar– nun centro para a recuperación da memoria histórica do país. Este centro serviría non só como espazo para exposicións e simposios senón como catalizador de iniciativas. A creación do centro en San Simón, porén, é só unha das actividades prevista pola Xunta para un ano que pretende romper a dinámica de esquecemento das últimas décadas.



Tiveron que pasar case setenta anos tras a Guerra Civil para que en Galicia se recuperasen, por vez primeira, os restos dun dos “paseados” polos partidarios de Franco. Foi o verán pasado en Cortapezas, unha parroquia do Concello de Portomarín. O “paseado” era Severino Rivas, que fora alcalde de Loentia, cerca de Lugo. A busca realizouna a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica a petición dos familiares de Severino, que levaban anos intentando localizar o lugar exacto no que fora enterrado. Está previsto que este verán os arqueólogos da asociación –que se deu a coñecer na comarca do Bierzo– continúen a súa busca con novos casos.



O pasado mes de xaneiro presentouse a Asociación Foro pola Memoria, unha iniciativa que se deslinda da da Consellería de Cultura e preside o académico Xesús Alonso Montero. A asociación propónse non só lembrar o 70 aniversario da Guerra Civil senón tamén o 75 aniversario da proclamación da II República ou o aniversario do Estatuto de autonomía de 1936. O foro percorreu nas últimas semanas distintas cidades e vilas galegas para difundir un proxecto que reclama distintas homenaxes pendentes: desde o recoñecemento ás achegas das Brigadas Internacionais até un tributo a Enrique Lister. Tamén artellaron actos aos republicanos mortos na traxedia do bou ‘Eva’, en 1937, na cidade de Vigo.



Arriba, Illa de San Simón. No centro, desenterramento de Severino Rivas en Cortapezas. Abaixo, presentación do Foro pola Memoria en Compostela, con Herminio Barreiro, Alonso Montero e Xesús Redondo.

Les fusillés du 29 janvier 1943



Eugène CHAUVIN



Valentin CLERO



Robert DOUINEAU



André GUINOISEAU



Raymond HERVÉ



Maurice LAGATHU



Eugène

Les fusillés du 13 février 1943



Henri ADAM



Georges BARBEAU



Benedicto
BLANCO DOBARRO



Basilio
BLASCO MARTIN



Marcel BOISSARD



Jean BOUVIER



Albert B



Maurice JOUAUD



Henri LEFÈVRE



Eugène LE PARC




Jean LOSQ



Marcel MICHEL



Claude MILLOT



Ernest
PRIETO

Les fusillés du 7 mai 1943



Yves BRISSON



Léon COIFFÉ



Louis LE PAIH

09 MARZO DO 2006 - NÚMERO 609

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS




NACHO SANTÁS
imaxes dunha extinción



Nacho Santás: imaxes da **extinción**


Nacho Santás (Ourense, 1970) adéntrase na Baixa Limia, escenario no que os seus pais pasaron a infancia, para facer a crónica emocionada e conmovedora dunha paisaxe humana en extinción. Fotógrafo obsesionado pola luz e a forza das metáforas, Santás ensaia na serie que hoxe reproducimos en 'Revista das Letras' a primeira parte dunha gran reportaxe sobre os parques naturais de Galicia. A natureza, sempre convertida en eixe do seu traballo, tanto no portentoso ciclo sobre o Camiño de Santiago como na súa coñecida serie sobre os faros, deixa paso na obra de Nacho Santás a unha nova inquietude: experimentar co retrato humano cando o ser humano non existe. A traxedia vólvese inminente. A palabra está a punto de desaparecer.



Hai na fotografía de Nacho Santás unha dualidade eficaz entre a busca do horizonte e a fascinación polos detalles próximos, un afán por trascender e, ao mesmo tempo, por amosar a evidencias concretas –intransferibles– da pegada humana. Ao longo dos seus máis de dez anos de traballo, Santás enfrontouse a unha traxectoria que, partindo de elementos estetizantes, chega a metáforas de forte contido social e, con frecuencia, a paisaxes dunha intensidade conmovedora, auténticas metáforas de estados e terras nunha plena eclosión emocional.

De Nacho Santás coñécense, esencialmente, dous traballos: a súa apaixonada viaxe polo Camiño de Santiago coincidindo co Ano Santo compostelán do 2004 e o seu interese polos faros, elemento este último que coincide coa súa obsesión polo mar, algo nada estraño nun home que pasou boa parte da súa vida cabalgando as ondas no surf.

Sen dúbida, o seu ciclo do Camiño de Santiago é o máis extenso e completo, centos de fotografías que compoñen a elocuente visión dunha ruta que el, irónico sempre, profundo na súa mirada, afasta do telurismo espiritual para presentar, espida, a experiencia humana, as súas contradicións e arredor da súa soidade. Poucos fotógrafos como Nacho Santás teñen retratado o rural cunha mestría técnica e intelectual semellante, unha intelixencia que non vén da teorización fotográfica senón dunha vocación instintiva por esculcar as caras ocultas das postais. E é que Nacho Santás, por riba de todo é un creador, capaz de forxar as súas mensaxes a partir de imaxes que outros deixarían pasar desapercibidas. Encadres, motivos e focalizacións describen un fotógrafo que máis alá do retrato fiel ou embelecador busca a axitación cerebral, o riso, a nosa complicidade (segue páx. 7)









de observadores activos. Nunca recrea ou ilustra: sempre esixe.

O seu traballo cos faros é, á par da entrega sentimental, un deslumbrante exercicio de estilo coa luz. A cor –pois este é un ciclo marcado pola cor– agocha só sutís tonalidades que intensifican o contido simbólico do mar, ese mar que Nacho Santás reflicte como unha cosmogonía envolvente, impenetrable e próxima, misteriosa pero dialogante. O único que vai máis alá –que penetra– é a luz do faro, instante de confluencia entre a paixón e a nada.

Agora, Nacho Santás dá un xiro radical ás súas inquedanzas e viaxa ao interior de Galicia, a Baixa Limia, nun ciclo que conserva algúns dos seus elementos característicos como fotógrafo pero que se afianza na mirada humanística. Non perde a súa capacidade para albiscar horizontes, aínda que aquí mande a natureza e man do home. Unha natureza en explosión de cor –e Santás retrata a Baixa Limia tanto en cor como en branco e negro– e en lamentable estado de esquilma. Nunca a soidade estivo tan presente no seu traballo como aquí, neses montes arrasados, nos encoros exhaustos, no presentimento trágico que porcos e vacas transmiten na mirada, case conscientes do seu final inminente que, ao cabo, el mesmo recolle nas secuencias da matanza.

Un fin inminente que abrangue, incluso, aos propios seres humanos, nunha reportaxe onde Santás deixa patente a sensación dunha sociedade en extinción, algo que se acentúa tamén na luz outoniza das fotos en cor e na escuridade cabalgante que asexas as figuras no branco e negro. A luz non xa como capacidade de penetración senón como esgotamento. O fotógrafo como testemuño que, sen nostalgia, se adentra nas ruínas máis amadas.

S. Noia e A.R. López


Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás. Foto portada: Nacho Santás.



16 MARZO DO 2006 - NÚMERO 610

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



POETAS
xeración filoloxía

Coincidindo coa chegada da primavera e o agromar das árbores, o próximo día 21 celébrase o Día Internacional da Poesía, xornada que lembra un dos grandes achados culturais da humanidade: a profunda forza das palabras para construír ideas. Revista das Letras súmase á xornada e presenta un monográfico con algúns dos nomes máis recentes do universo poético de Galicia, moitos deles inéditos para o lector afeccionado e outros apenas coñecidos. Porén, todos teñen unha característica común: estudan na Facultade de Filoloxía de Compostela. Agrupados por dinámicas concorrentes de xeración e de espazo vital, estes

Antoloxía da poesía do porvir

Os novos

poetas reflicten a diversidade dunha lírica que, como a galega, esculca incansablemente os lindes da imaxinación e da palabra. Irónicos, decadentes, combativos, existenciais, laboriosos, sublimes, experimentalistas, lusistas, lúdicos... Esta antoloxía marca un percorrido apaixonado por traxectorias que se buscan, polas traxectorias que se teñen e as que aínda están a xermolar. Oriana Méndez, Noel Blanco, Roi Vidal, Marcos Abalde, Iria López Teixeiro, David P. González, David Souto, Adrián Álvarez, Samuel Solleiro, Carlos Figueiras e Laura Blanco cunha antoloxía que recolle o horizonte do futuro e as dimensións das súas palabras.

Adrián Álvarez

I

Esa noite de fervenzas permitiu xestar unha vez máis o son daqueles ollos que tremían no recordo branquecino da tebra. A comunión do vento coa luz que transporta enchía o desexo da vida. Nun bafo salgado morreron as verbas da xustiza, cara á negación do contorno. Só recoñecía a un irmán eterno que cuspiía no seu sangue e choraba. El tampouco era a culpa.

O leito dos seus brazos agardaban. Unha corrente de corpos creou a súa forza loitando con tan tenro músculo. Desprendeuse aquel metal coma chamado pola auga, derradeiro destelo. Unha man separouse da materia – rezaba a humidade daquel ferruxe carnal.

Acadou o escalón máis afastado da terra e un paxaro gris deixaba de voar. Unha sentenza endureceu con pedra a altura. As profundidades pensaron a dor do descenso e deprezaron a súa acción. A sombra vermella debuxaba o verdadeiro e non recoñeceu máis que movemento.

O reflexo deste eterno avanzar era a soidade. Os pés enraizaron, proxectouse ó ceo na súa extensión. A forma construíu unha crenza e a regra esnaquizou a lúcida virtude cunha cegueira branca. Nenos de cristal quente coñeceron a auga xiada; espasmo.

A lúa cantou o abandono que percorreu coa cabeza baixa. Todo o seu ser aproximábase ó chan, retornando á humilde morada. Sen facer preguntas renunciou á vontade. Un fío de prata fendía o trazado do ollo. Coma choiva afundida na auga recolleu o froito da súa busca: alguén desfrutaría del.

II

O péndulo remataba a súa órbita na maior verdade. Un movemento sen retorno bebeu do camiño salgado. O centro é consciencia da fin.

Contemplaba a tea coma o tránsito da agulla, tirou do fío e desfíxoa.

A derradeira arquitectura bosquexábase na fronteira da vista. Unha chamada na néboa uniu para sempre ás buscas na mesma compañía.

Carlos Figueiras

INTENÇÕES

Cheguei até ao ponto de escrever sobre o silêncio
cheguei mesmo até ao ponto de nom escrever
no nosso silêncio
secular
interminável.
Pensei também fugir
do seu silêncio
e procurar outros caminhos nas palavras
longe dos sotaques assassinos
das palavras.

Cheguei até ao ponto de duvidar sobre as palavras
cheguei mesmo até ao ponto de nom as escrever
na nossa página em branco
secular
interminável.
Pensei também fugir
das suas vozes
e procurar outros caminhos
além das suas palavras assassinas
dos sotaques.

Cheguei até ao ponto de nom sentir neste silêncio
cheguei mesmo até ao ponto de nom sentir
na nossa impotência
secular
interminável

mas hoje já nom estou só com os meus sentidos
silenciosos...

OS INVICTOS

O silêncio assassinou a Compostela
dos invictos
e as vozes roubadas
morrérom silenciosas
para sempre
como corações sem rosas sem espinhas.
O silêncio assassinou a tua voz
incrédula
tremeluzente
silenciosa
desgastada polas lousas da cidade
da aldeia maior da Europa
do seu maior silêncio
incompreendido
solitário, solidário.
Eu
triste sentido silencioso
sentim-me violado à tua beira
no silêncio
sentim-me silenciado na palestra
comunicativa e aberta da Europa
neocolonialista
que nom nos deu a possibilidade de sentir
a dor da derrota
porque aqui nom houve voz
porque nom existiram os invictos.
Caminhamos sempre à procura dos nossos
sentidos silenciosos
que nom existiram nunca
neste silêncio de voz interminável.
Caminhamos sempre à procura dos seus
mandatos assassinos
que nom temos de reconhecer
porque os invictos nom existem
nem vam existir.

Samuel Solleiro

II

frío chumbo e a canción das montañas
o sol nunca nunca se deita por tras da casa nova
camiña cara a ese paraíso de satélites vellos
a respiración está aínda no seu lugar
o sorriso é o último que se perde
a raiba

este espello de sangue é para ti
como se di cabalo na túa lingua?
como se di cabalo nas demais linguas do mundo?
tamén son palabras feitas de músculos?

dío forte merca unha bufanda un
disco de tom waits unha rosa sempre
húmida para o traxe sen garavata
o que é mediocre o que é sublime
non veñas tarde non veñas tarde
as máquinas paran un día por semana
arriba segue a ser
azul
coma o poema dun morto
azul
coma un albanel dirixindo o tráfico

II

e os cabalos pasaban e o viño era igual
épica chegada a
ética
ou
conxelador do hipermercado monstro horríbel
penduraba o mundo entre björk e bach sermos
sempre
absolutamente modernos
xirar en círculos

nós os dos dentes demasiado escuros
nós os dos testículos desorientados
os que morren os fortes os demais
os do colesterol os carpinteiros os de
metro sesenta e nove aproximadamente
devotos de santa trega

algúns minutos o universo polas arterias
a guerra o resto dos cabaleiros poder ser
politoxicómano e/ou narcotraficante
alcalde e/ou construtor
esquizofrénico

calar tamén calar
claro

épica chegada a
ética
ou
país do cemento inmensa angustia
non hai ningún problema

agosto é tempo de paz
ninguén agarda por ti
nunca cociñar con manteiga

III

enxendrar un tolo no teu ventre de nésperos frescos
un enfermo mental no sentido escaso da palabra
mental

respirar
resistir

deixamos a este lado todas as burbullas e
máquinas de conxelar a inocencia
para sempre até que rabuñes
a vida o ceo as miñas éngoas de aceite
máquinas de conxelar calquera cousa
certamente

quero que medren úteros nas árbores e invocar cousas
enormes
tremendas
cousas
grandes e feas como xurar por dios

e que pasen reloxos e que non se entendan
e que pasen centauros e que non te lembres
ventos

artur olla o futuro con indiferencia

IV

e esta son eu descalza
cando a casa nova era nova
o universo conservaba o seu
lugar cunha paciencia que facía
lembrar os peores bisontes

e eu dicíache fdsff gdgszgh ñjkhgjfj
e dicíache hfdsjhksadkhdskjdsakj
sorrisos cérvidos
paraíso alfombra

facер o mesmo agora no
outro extremo do tubo dixestivo

a poesía con todos os seus séculos
a poesía tamén desagradábel

pulsacións de áfrica
hai un corazón debaixo da terra
quen (hostias) nos aprendeu a vivir?

V

O sorriso é o último que se perde

porque hai beleza alén do
onanismo máis mórbido
que é cando aboias na auga e tes os ollos baleiros

por suposto cando alguén tense os atabaques na
batalla
sen testemuños
con incendios
por suposto cando ninguén escriba sobre o tempo das
cereixas

e substituír o corpo por calquera outra palabra
e substituír o corpo por calquera outra palabra

David P. González

O CORREDOR DE ACEIRO

Deckard apunta miradas cara a face de Rachel
mentres dirixe o spinner cara a ningunha parte
o bafo de excitación que exhala, delata
a consabida consecuencia da fuxida:
un non futuro que agarda inmutable

-perdura a choiva
de negras bágoas-

pensa pois novos mundos
para afincar recordos
Agarra a man autómatas e pregúntalle a outro de si,
o iluso mesmo
se os replicantes poderán enxendrar...
e o seu rostro, ó son de trescentos arames
esboza un leve sorriso

-o fugaz dos pasos
non deixará pegada-

Mais a farsa faise evidente,
o resplandor dunha paisaxe empalagosa
mente verde, descubre tralos cristais
a verdadeira viaxe executada
polos preconfeccionados protagonistas do romance,
pois amantes do incerto, endexamais saíron do
elevador

A isto non se lle chamou execución, chamóuselle
retiro

—de soños—

PARTE

Sempre a cismar nun mañá
en que recoller os anaquiños
dun devezo esnaquizado
[ó kamikaze

Nubes que se torcen
en forma de fátum

gardan para si os reflexos máis precoces,
vestido o firmamento de inseguridade

Ó paso polo risco escéptico
alcanzan xélidos receos
e deixan precipitacións
e lóstregos!
grandes xogos de artificio
cando os logras emparagrar

Nesta noite, saquen os parasoños á rúa
que en cuarto crecente
tendemos a delirar.

Oriana Méndez

I

Arrincábanas.
As nosas portas arder
Desaloxábannos:
vimos espir
entolecidas
as nosas leiras.

Comezaron pechando as rúas
entre a súa suor e as nosas terras
as areas perforaban as unllas
Na zona leste da cidade
petaban nas portas.

Era Nova Iorque, realmente.
Cando chegaron a esta casa, meu irmán
preguntaba polo asasinato
preguntaba polo asasinato.
Matárono. Si, meu irmán e aqueles tres homes deron
en se matar.
Aqueles homes que pertencían ao mesmo conxunto
de mulleres que desfilaban.

E agora nós.
Nós ficamos aquí. Vivimos nesta sala intacta de
ventás pechadas.
Quizais nós tamén pertenciamos ao mesmo conxunto
de mulleres que desfilaban.

Peteiramos.
Acostumamos a respirar as dúas xuntas ao mesmo
tempo.
Cada segundo tragamos, coa perversidade da pomba,
o mesmo aire que compartimos
coa metralha nas plumas
e coa memoria fóra,
lonxe da encrucillada
achegándose,
camiñando contra ti.

II

Como se lle fala á lingua, co pensamento,
quero enviarche o desexo orfo que a nai dos animais
secos de África
deixou para os seus fillos denantes de morrer.
O desexo-espiral, exactamente o desexo escollido
polo que non penetran os ventos:
é o anel das tres serpes, querido T., que agarda.

Na chaira, as cebras aínda non saben da miña
vontade:
enviar para ti o anel impronunciado do encontro,
o anel que a nai de todos os animais de África deixa
para eles:

É o desexo que se atopa co servo

É o gume que chama polo etíope

Non escoitas?

É a nosa propia perplexidade no espello
preguntándonos polo tacto.

Non escoitas?

Iria López Teixeiro

I

As Deusas xa non moran máis en nós
Mira como se determinou o credo
Quen sorrí cando sorrí?
Quen se aventurou desta maneira para non
sobrevivir?
abaneáronse os capiteis
- Corintio
observas a destrucción dos versos no
templo:
pasarás á historia os frisos de Hefesto
incrustados no lombo
Torsión das escaleiras
- contemplas o sacrificio das túnicas sobre o esteiro:
non me verás son Atalanta
un vento aquí e dentro
aridez de tódalas laudas

d-e-r-r-u-b-a-m-e-n-t-o
As aras da relixión ex-
votos da guerra
de min a min que non me
entreteñan

II

A Xabier Cordal Fustes, polo absoluto.Grazas miles

Ela observa como se enche a obra e desborda os
cauces do escenario, como palpita a frase a través
do cristal opaco do espello.
Non comprobei o mármore
allea como estaba a toda escena , berrounos:
un tear un lugar
Situación baleira onde
non neve ou se anegue o día
Amenceu. Esconderon os focos. Cambiou o
decorado.
(un timón de Nada)
Penso viaxar polo medio dos arquivos e cando
chegue ao final da estrada non vou parar para que
me salve.
Prediciu sen ningún problema que sería de
min e
tivo
que caer o pano para decapitar o drama.

III

Describo un receptáculo calquera
unha esfera
“Hai unha columna con forma de cobra exipcia e
unha muller central. Mutilada por sempre, nunca
coñecerá o amor ou a sorte propia.”
Gozabas imaxinando o noso interior, corpos
cheos de corpos por fora e por dentro.
O libro está en branco
A túa era a primeira páxina pero traspasaches
os planos
Ignorante,
mírame:
- E non me quedan mans
pero eu
escribo

IV

O deserto era un intre que falaba
“Sen follas, letras ou sentido, navega a través do
espazo que che deixo. Tenta termar da area que che
traio de Tinduf.”
Tódolos palacios son morados as dunas
esvaran
baleiro tempo
Paris
As mazás dannos noxo
non penso formular outra pregunta nos
meus versos

V

A haima de Harif era de terra. Por aquel entón aínda
chovía no deserto e nós enterrabamos os pés porque
ía frío. Azul, enchín os templos de silveiras para
ofrecerme, bicéfala, aos seus designios.
Eco Eco
Volvo da victoria coas mans ensanguentadas.
. Pido unha coroa que non me desespere. .
E se fun e non voltei, para que toda a historia ?
Farta xa das dúas pernas, chamo pola carne para que
me posúa. Ser unha ou unha soa.
Harif sorrí e acena,
Pagarían ben por vós.

VI

Entramos de vagar
Sempre tiven medo de tropezar coas túas pernas.
Renegaba do culto cando ti precisabas máis ca nunca
da extenuación dos ritos para tratar de comprender.
Porén, cando se tratou de arriscar, decidín lembrar os
vellos momentos e sentar nas escaleiras sen parar de
escribir
Agora falo eu
Farta xa da túa tranquilidade,
-dos raios que non che ensinei cando eramos
pequenas-
retiro todo o que nunca che dixen e vou cruzar a porta
que me alonxe do deserto

Que non fun boa compañeira ou turrei demasiado,
xa non importa.
Deixo o templo que tratamos de arranxar durante a
vida
para termar dos reloxos que preciso entre as mans,
esquezo calquera loita baixo a túa protección
e poden romperse tódalas ofrendas
xa non son ningunha

abandono para ser abandonada

Noel Blanco Mourelle

BALADA (divertimento)

a Adrián Álvarez Meilán
... fiori di loto, giardini stupendi...

Aria di neve sul tuo viso;
unha voz
(¿ilumina?)
todas as flores no crepúsculo
virxiliano
antichi amori
a fonte é o signo da non referencialidade
(estes días...
because I do not hope
oh, ballatetta,
risenti ancora?)
astros azuis estrelas pensativas
estupendos xardíns, perspectivas imposibles
abertas cara a súa negación:
rumor oscilante dos aforcados.

Estacións sobre Leningrado,
antes,
nas fogueiras baixo o xeo do río
agóchase Bartók
– signos de opacidade: sétima esfera
Petrarca le cenere –
evidentia.

Quizais,
os aristócratas
cazan bolboretas;
a historia é
unha falsa proxección sobre vidro
(a noiva – liña verde
descendente
eléctrica).

Ollos
Nacht

tímido fume: toda unha noite na illa
– a cidade (such more things...)

ritornerò?

HOMMAGE À MADAME DE LAFFAYETTE

O percorrido do seu corpo é desequilibrio

contemplándose no baleiro dunha ameaza invisible
(metáfora ou dexeneración); longas sombras pintadas
contra a branca rocha magnífica

edificios decrepitos

Sicilia!

À TONA DA SUA FACE SE MOVERÃO AS ÁGUAS

Fronte ó volcán

Modigliani

figuras femininas nunha abstracción reservada só para
a dura opacidade do seu mediodía

a espectral e viva (...) e a súa presenza de figura
etrusca;

isalta ó Sena!

questa curva malinconia

e a expresión esperanzada, cósmica e piadosa:
STELLE

– Questi occhi per te azzurri, per te un po' verdi

os ollos reconstrúen novamente o corpo

plume solitaire éperdue

noutra orde de cousas debe sinalarse a consolidación
das fortunas provintes das fábricas do norte que ollan
con preocupación o crecemento da actividade de
grupos da esquerda radical

familias de explotadores raptadas

(a resurrección da carne da fermosa Inger Borgen
como un universo

– a luz e as sombras –

enfrentado á irracionalidade)

tout va bien

– Divértete: colle un amante, abre unha galería de arte,
toma cocaína

tourbillon d'hilarité et d'horreur

A sensualidade e a languidez na súa expresión,
as inhóspitas praias da costa do sur e a estrañeza
burguesa con respecto ós espazos propios e alleos
(miracolo)

Do you not see how the blackbird walks around the
feet

of the women about you?

Lentitude;

desposesión

la belle, la tenebreuse

Non é posible amarse en Turín.

– Anna sparisce sotto la sabbia

DENTRO DA SUA FACE ESTARÁ A PEDRA DA NOITE

Obxectos producidos pola futilidade de clase: entre
tes mains sans paresse.

Laura Blanco

II

Os segundos marcam um lamento que quebra,
pero nesta noite as distâncias fazem-se mais curtas
entre a soidade e o sonho.

A soidade nom é um cadaleito, nom.
Quen teme a soidade coma o fío da morte
simplesmente nunca quixo senti-la.

Há quen teme sentir por medo a sofrer,
e quen teme a soidade teme atopar-se no espello
com um cadáver de sombras.

Ter medo do medo.
Mas temer também é sentir.
Desconhecendo a vida
no cárcere da cobardía.

III

A soidade víste-se para mim com um eco de
estrelas,
e entom emerge Oxum num manantial de flores
oferecéndo-me o grande nenúfar de almíbar
sobre o que cintilan ainda os ollos do amante
e a constelaçom dos grilos esquecidos na casa dos
avós.

Sim, como se dum sonho se tratasse.
Mas hoje nom podemos oprimir a consciéncia,
incesantemente descender descender descender
num océano desorbitado até os suburbios da alma
cercados pola minha realidade.
Realidade, ouh poderosa rainha
que aparece com um cheiro de alelí murcho.

Às vezes, figurándo-nos donos dela,
mentres nos possui ao mesmo tempo,
escapa por entre as cicatrices da noite
e cremos, enganosamente, que estamos espidos de
lembranzas
e de sonhos.
Indefensos ante o terrível olvido.

V

Acordei com o céu baixo os zapatos.

E num instante a engrenagem do mundo
era umha caracola aberta como as asas dumha
gaivota.
Queremos debujar a vida sempre assim,
no borde da loucura,
e esquecemos que o pincel está na outra beira
alem do mar e dos olhos.

Gardamos as lembranzas como quem garda a
Verdade num cofre
sonhando o noso futuro rastro,
e o que gardamos é a tristeza do dia
por se nas noites remotas non achamos por qué
chorar.

Nesta passagem contamos os passos,
pero o destino nom é a fim das fazanhas
Senom um novo ponto de luz no horizonte.
Mentres outros, já sem pés, respiran cravos com a
porta fechada,
conhecendo a risa mas nom o sorriso
sem tempo de sonhar a vida
vivindo no ventre da morte.

David Souto

CONCLUSIÓNS DUNHA REVOLTA

Many the wonders I this day have seen
“To my brother George”

Movementos,
explosións xeométricas
da razón común. Círculos escuros:
os peixes dispérsanse no seu sangue.
Un licor arcaico embriaga as plantas.
Comezo a descifrar os territorios.

“Habito. Habitarei noutras árbores”.
Esta era a profecía que esconderan
nun tempo remoto
as choivas baixo unha rocha.

Os desexos despréndense das ramas
máis elevadas. O canto do destino
escríbese, pouco a pouco, nas noites
que transcorren sobre este carruaxe
no que reflexiono.

“Deseñáronme para ti, agora,
agora debemos intercambiarlos,
coma nun só fluxo de narracións;
íescóitame!, estes son os sentidos
posibles de toda historia. Convén
que decidas o ritmo”.

Nun vaso dispoño o meu corazón.
¡Signo dunha anterior eternidade!
O violín toca un concerto de Bach,
rexeito toda posibilidade

para te comprender.

Os xermes da fraga desaparecen.
Convertido en cego, ó pé do río,
acciono o gramófono: as imaxes
érguense da terra, abandónanme.

“Admirabamos o lago, inertes;
eramos coma unha xesta esquecida,
sen nome para as propias obsesións,
cancelados pola memoria;

subitamente, a auga
desprendeuse das súas marxes, fíxose
materia aberta: no bosque, as candeas
anunciaron o noso pasamento”.

Desfágome para te amar, somérxome
nas túas antigas habitacións.
Un paporroibo almorza nos teus ollos.
Non me contemples máis.

Un terremoto
configurará novamente as terras.
Eternamente, a noite repta triste.

Marcos Abalde

[ESTRANGEIRO]

só desde o estrangeiro
podo pronunciar o meu nome

topografia da esperanza

vozes
vozes sedentas que vam até a raiz do amor
disseccionadas
aniquiladas
enfiám-se e desenfiam-se
e sem buscar-se
topam-se
alá onde o teu silêncio clama polo real

entre o eu e o ningures
feridos na invocação
entre o ti e o desconhecido
o horizonte respira-nos sem encoros
anfíbios das trevas

respirar deslocados
através da cicatriz
que anuncia o lugar onde nom chegam as palabras
cenital rompiente
canto

quando exigimos
o infinito
estamos
a engendrá-lo

caminhavamos polo bosque
hieroglífico que intue a comunicación
além dumha boca extinta
inabitável
condenada á mentira da luz rede
que expande o sentido trás a pegada que deixaron os teus
lábios
rede que fecunda o sonho
maná

PANEGÍRICO

oracular quebra-cabeças
melhor outra hipótese

secar a mandíbula até a impossibilidade da resposta

nos lindes do alento
oferto-vos as minhas entranhas

[FARSA COMÚN]

sepulcral vergel
gaiola em que o cisne recorda o paraíso
maré que borra as derradeiras letras do epitáfio
tenríssimo porem afeito à desolação
beijo que me enterra no labirinto

cona
farsa comum

STALINGRADO

gás para todos
até que a veia poida madrugar
no clamor do abismo latejante
fervença de mil e umha raizinhas
que tentam apreijar a salgada transparência
que se está a fazer pedra letra morta osso
licuado

na defesa da traqueotomia internacionalista
desarquipela-me a gorja

o silêncio é o oráculo que sustém a placenta do
salouco
diálogo da desolação

abertos desde a boca até o ano
nem a chaminé podia conter
o imperativo categórico do cadáver

quem nom lavou as maos com a nossa sede?

em filiformes farangulhas deixa-me ascender
pola faminta carícia do arame de espinho
contra a duríssima cúpula celeste
contra todos os contras
contra todos os sentidos
ascender
cántico da desembocadura

mentres a terra siga fervendo
sepulta a bágoa
até
a
vitória
sem
pre

Roi Vidal

A ESCURIDADE REFLEXADA NUN SILENCIO ESPESO [fragmentos]

Roubada luz da boca, roubada

a escuridade
reflexada
nun silencio espeso
(completo de sombras,
cheo de xordas,
basto en pálpebras)

e nós que crimos nunha amábel cabalgata de vasoiras
se houbese unha luz entolecida que nos abrise o paso
un apotegma sincero de parrocha

mais os vagalumes extínguense
engúleos a tebra
ignoran a súa urxencia
quedanse durmidos
toman o licor-café na area
ou simplemente
non fan acto de presenza
cando cai o sol
e a morte mata
e a morte mata
necrófila

víctimas
culpábeis
de inocencia

“Entrou a mañá no meu pobo
tan limpa, tan redonda e pura
como unha mazá
sobre un espello”

Luis Pimentel
Os varredores varren varís e feros
o orballo que fica cando estrelampa
e a luz é unha luz tan verde sobre un espello

e tamén varren os rastros do cuspe
para que non se molle a terra e impere o seco

mais tamén varren as cinzas
da canoa de Haiowatha, conciliador totémico
confinado nos infindos campos celestes eternos
e os restos do vómito de Bumba,
o que apareceu por arte de maxia no comezo do
mundo, e tamén
varren de Mafuike as ardentes dedas
ceibadas cando, escachado dentro de corpo de Hine-
nui-te-po,
morría Mauri, o que acalmara o sol e pescara a terra,
e os
miúdos corpos dos Abatwa
aos que o martelo de Thor non mata

nin lles importa o que faga Ra de noite,
senón saber do camiño cara Bhogavate
capital dos Nagas,
onde os edificios son brancos
escavados nas rochas
e as mulleres fermosas
coma o movemento

e faráse inevitábel
que todos os Fénix
veñan inmolarse
fuxindo dos Maelströms
ás alturas do Ézaro

No tocante aos varredores
mañá dirán que se lles foi a man
e comerán mazás
como quen come unllas

Non preguntes máis fillo
pola cuestión de non amarmos á princesa

ela encheu a nosa casa
de tanxencias tortas
e aínda vai dicindo
que lle debemos ofrenda

ela a que roubou
vento da gorxa
e quere que biquemos
a súa man cosmética

un día pillámola soa entre os eucaliptos
e ficamos á espreita:

gosto da escuridade que hai nas miñas pálpebras
da soidade dos meus monólogos
a cabeza asentíndolle ao espello
as mans a rascar no corpo
o espello tócame eu toco
quero quererme que me queira
e bótome de menos cando está morto

Logo correu á súa casa coas mans entre as pernas
e utilizou as vasoiras polo lado que non varren

Mario Regueira

I

Teño anacos de louza cravados nos ollos
e arrastro a inutilidade
como a peor das túas herdanzas.
Resisto á vida que te destrozou,
canto con sangue nos costados
e unha forza invisible me ama e ameaza.
Paseo polas rúas entre o frío,
fora eu un clochard,
fora o que non sabes se son,
a treizón destellando nunha hipodérmica.
Debera sofrer polos teus pulmóns,
polo amianto que vos mata a todos
entre a cidade durmida.
(Debera espertar á cidade).
Fora eu o teu orgullo, o sangue que lava,
unha cruz falsa onde odiar ao inimigo.
Fora o futuro a construír.
Teño os brazos limpos e inútiles,
os meus anacos de gloria
son a marca da iniquidade.
Non serei máis o animal do fogar,
non serei o diploma do tedio,
os cigarros na oficina branca.
Serei a serpe ou o escáncer dócil
que apreixas na man.
Fora a lúa que se toca, foras ti
de pedra e inmortal.
Serei a serpe.
A Lisboa dos anos oitenta,
un noa-noa berrado aos fuciños
do embrutecido Occidente,
a perda, un café de Estambul,
un hotel de Niza, a luz cortada
polos sabres da modernidade,
as rúas de Compostela no 68.
A xeografía é difusa e é metralla
onde procurar anacos de nós.
Quen nos rexe a nostalxia
a folla violácea dos parques
onde bicamos a adolescentes en flor,
a plataforma de néboa que se levanta
como os laios dunha fadista,
unha cabeza no nicho de Kadaré
os bicos de Modigliani, fermosos
coma guerrilleiros mortos.
Quen rexe a miña nostalxia,
quen ma inventa e garda velenos
para que eu os beba
e quen está a me roubar
e agora bagoa
pola explosión que derrubou á luz,
o alcol iniciático,
os vosos corpos nus e amantes
na penumbra do paraíso.
Non coñecerás esta terra,
a vida xira demasiado rápido para todos nós
non demos achado a espada a tempo,
e agora tócanos apodrecer,
lamber a súa ferruxe, comer o metal,
raspar nas áncoras e nos sachos.
Hai quen rexeita o contacto,
as reixas son tamén metal
e ninguén quere pensarse morto.
Niguén pensarse morto, ninguén morrer,
ninguén asumirte como te asumimos,
resistindo co último agasallo da nosa xente.
Non apareceu a espada a tempo,

xa non teremos símbolos a opoñer cando veñan,
e se cadra o símbolo de mañá
sexa unha árbore, unha planta, un animal.
Cen artesáns suicídanse á alba,
o maldito plural fervendo nas mans,
a vontade de non facer o que se quere.
Imos chamar pola lóxica,
a ver se chega entre tanto disfraz,
entre tanta oportunidade malgastada.
Ogallá houbera unha pose perfecta,
imos chamar pola lóxica,
que ninguén trema se trae
unha espada enferruxada na man.

II

A Roi Vidal, Miguel Mosquera e María Lado. (Inevitabelmente)

Sabedes? Aló arriba o vento xa non recordaba os nosos
nomes
e todo era unha navalla mecánica, un xogo de ourizos
nucleares, un insulto.
Todo era roubado e lembrabamos tempos de estoupidos,
coas mans cheas de vermes,
e semellabamos un filme de Médem (dos primeiros), unha
avanzadilla da desolación que comeza
co ben pouco que é un home aló arriba, aló abaixo ou onde
sexa. (contra o vento).
Pero seguíamos posuíndo entradas triunfais, onde o teito
caeu o chan resiste
e entre a auga, e os lameiros, e entre a devesa fonda hai un
machado
e fomos tan tópicos de armar unha simple lareira e soñar
unha morte posmoderna.
Aínda non soubemos que facer coas adolescentes que se
desangraban,
(sospeito que non é ese sangue o que nos conmove). Os
risos cos que acoitelamos as estradas,
a insolencia dos nenos das vilas que fomos. Los Enemigos
dictando o desprezo
Resucitao, nunca estare de vuestro lao.
Se me volve baixar unha fervenza polos pulsos gustárame
que alguén
volvede levarme un libro, como un vaso de leite, á cama,
que as palabras puidesen tocarse de novo
(Vacas!!!!) e ti intentaras matarnos outra vez (é que tantos
segundos...).

Que houbera madrugadas onde resolver o enigma das
adolescentes,
e tantos nomes como nunca soubemos que tiñan as cousas.
Porque algún día haberá sorrisos rotos e espellos finxidos,
e a quilómetros de nós, sabendo que o vento esqueceu os
nosos nomes,
precisaremos de catro días encerrados na lareira dunha
aldea que non existe.
Tanxerina, como hei de carpir
(xa non hai rapaciños a quen poidas axudar,
e non farás nunca máis de viúva islámica).
A cidade derruba a túa historia sobre min
e ninguén me quere dar xa
té con menta, apertas,
sexo mercado. O solpor sobre
o Magreb é doce como o maxum
que nos facía vernos aínda máis fermosos.
(Coma doce de marmelo, coma seme rodando pola
pel). As aventuras nunca comezadas rematan aquí
dixeches,
e levo os teus dentes no pescozo.

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás.




23 MARZO DO 2006 - NÚMERO 611

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



GILBERT GARCIN
a paixón do xubilado



Un día, cando ía directo á súa xubilación, Gilbert Garcin decidiu facerse fotógrafo. Pero non un fotógrafo calquera, nin sequera un fotógrafo contemporáneo. Nutrido, sobre todo, de cine expresionista e de surrealismo, Garcin empezou a crear espazos propios, en miniatura, e fotografounos. Neles, posteriormente, engastou o seu propio retrato nunha especie de posta en escena onde el é suxeito e obxecto da súa creación. O resultado é unha extensa galería de personaxes e de historias que van desde a recreación de mitos a unha especie de poemas visuais moi ao gusto de Joan Brossa. O humor é o vehículo que vai trenzando a cadea das distintas escenas, un humor sutil e intelixente que se converte, tamén, nunha conexión intensa entre o artista e o espectador. O monográfico que hoxe publica 'Revista da Letras' é a primeira aproximación á obra de Garcin en Galicia, coincidindo cunha exposición itinerante que nos últimos meses percorre España e que o 23 de marzo se inaugura na catalá TeclaSala.



Gilbert Garcin (La Ciotat, Francia, 1929) elabora desde hai máis de dez anos unha obra plástica orixinal, a contracorrente dos modelos estéticos, unha obra de acentos surrealistas tinxida cun verniz de inxenuidade asumida. Unha obra que colle da "arte bruta" a súa espontaneidade e a súa asuteridade de medios, e do cinema mudo, o branco e negro e o expresionismo agudo. Esta obra poética e filosófica, pequeno coseno de Magritte e Beckett, non dubida en rivalizar coa gravidade e o absurdo da condición humana. Unha obra saudable na que se aprecia a compoñenda da inqueda co humor para provocar unha especie de redención mediante



a autodenigración. Divertido e estridente como se fose o Charlot dos tempos modernos, perdidamente bendito como Monsieur Hulot e dotado, ademais, dun sentido moi hitchcockiano da posta en escena, o artista fotógrafo despreza tamén o funambulismo entre o sentido popular e as preocupacións metafísicas. Sen piedade polo seu heroe anónimo, move os fíos da sombra e abandónao en enfrontamentos acaparadores coas súas profundas angustias e os seus pequenos amaños. Humano, masa humana. Deste xeito, de cadro en cadro, "o home que é unha imaxe" embarga o espectador, arrastrándoo até a mecánica



enigmática da catarse


Ninguén sabe que mosca picou a Gilbert Garcin –cidadán fóra de toda sospeita, nacido o 1929 na mesma mesma cidade dos irmáns Lumière, La Ciotat, e cunha vida sen historia de vendedor de luz en Marsella– o día que, encontrándose de fronte coa da xubilación, decidiu dedicar todo o seu tempo a esta arte que consistía en escribir coa luz. A fotografía como un pasatempo, como unha das belas artes e do azar, que lle vai permitir gañar o Premio de Fotografía da Cidade de Auberna con 65 anos, todo disposto para que Garcin teña o privilexio de seguir un curso en Arles con Pascal Dolesmieux, o grande mestre das fatasmagorías fotográficas, que o vai familiarizar



coas interioridades do oficio. Refugалlos de Mecano, claves, area, crollos... amosan un Gilbert Garcin provisto de cola, tixeiras e o seu aparello fotográfico para inventarse un mundo en miniatura. Unha especie de xardín lunar silencioso e delicado, entre os presebres provenzais e as casas de ananiños.


Na busca dunha criatura que tiña sempre a man, dun modelo do que dispoñer, dun personaxe que o obedezca ao pé da letras, o artista non vai tardar en atopar a súa cabeza de turco en forma dese septuaxenario de cranio respectablemente calvo, que loce camisa, gravata, pantalóns e tornapós de cor gris impecable, a cara aparvada do que non se parece a ninguén.





"En setenta anos, amasei dez mil recordos, teño unha sorte de graneiro na cabeza. De cousas apiñadas que acaban por rexurdir", explica Garcin, decidido a aproveitar o seu retrato para facer a mestura no seu propio graneiro. "Todos estamos máis ou menos nunha representación", comenta, cun ton malicioso este delicioso home que adoita manipular os obxectos e as fotos cunha alegre inxenuidade. "Non é necesario que haxa unha gran desviación entre o que imaxino e a imaxe definitiva. Pero agora que teño máis experiencia, equívócome menos".

A obra de Garcin, segundo o crítico Jean Arrouye, é unha comedia de actos diversos pero



sen un acompañamento moral. E engade, "as imaxes nas que el se mete en escena non son ni autorretratos, nin os capítulos dunha biografía imaxinaria gratificante. Todo o contrario, cada fotografía é autónoma, figura unha acción perfectamente clara no seu desenvolvemento e o seu final, e fai surrir coas desventuras do seu protagonista".

Todas as fotografías de Garcin están marcadas polo humor. Isto é tanto máis eficaz –sábese que o humor ama a complicidade– que o clima das imaxes se sitúa "sempre nin entre-dous, entre o divertido e o patético, entre o alegre e o angustioso, entre o estraño e o absurdo". Esta am-



bivalencia múltiple, asegura Arrouye, fai que as fotografías de Garcin toquen sempre intimamente os seus espectadores, pois eles atopan sempre nelas, dalgún xeito, un eco das súas preocupacións. Porque "cómpre dicir que esta comedia é unha comedia seria, pois nos distráenos, fainos tamén reflexionar, e se as situacións figuradas son irreais tamén o son igualmente un pouco emblemáticas da nosa condición humana".

Algunhas fotografías semellan gags e outras lúen o ámbito dos mitos, como aquela na que, como Sísifo, o vemos empurar cara ó cimo dun outeiro de cascallos un enorme penedo. Finalmente, Arrouye descobre tamén "unha implicación moral" nesas pezas,



aínda que nela non vexa nada utilitario nin a prescrición dun código de conduta: é especulativa e non busca máis que un soño de intelixencia da vida ou, talvez, da fotografía. "O espectador é o que decide. Esa liberdade que el lle deixa non é menos engaiolante que as obras do propio Garcin".

Garcin non se preguntou en ningún momento se debía facer, como boa parte dos fotógrafos actuais, unha obra contemporánea, documental, seria ou plástica. Foi máis alá; converteuse no suxeito e no obxecto da súa obra de arte. O fotógrafo mira o fotógrafo e, talvez, fai parecer que é fotógrafo. A obra de arte como unha especie de espiral, cada vez máis aberta, máis ampla, máis longa.

S.N./A.R.




Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás.



30 MARZO DO 2006 - NÚMERO 612

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



HILDE DOMIN
dende acolá



Antoloxía de ‘Aquí’ Hilde Domin

O pasado 22 de febreiro, morría en Hildelberg aos 96 anos, a poeta alemá Hilde Domin, unha das escritoras que mellor definiu o idioma como patria. Nacida en 1909, Domin escribiu o seu primeiro poema en 1951 en Santo Domingo, onde se exiliou en 1932 co seu marido tras a chegada dos nazis ao poder na Alemaña. Eses versos iniciais naceron tras a morte da súa nai e en pouco máis de dous anos completou douscentos poemas. O seu regreso a Alemaña en 1954 lévaa a cambiar o tema imperante do exilio na súa obra por unha incisiva mirada cara á dureza sociedade contemporánea. Dicía que un poeta, para ser el mesmo, necesita o valor de non enganarse e de nomear as cousas polo seu nome. ‘Revista das Letras’ recupera neste monográfico de homenaxe a Domin a tradución que Sabela López Pato e Silvia Montero Küpper realizaron do seu libro *Aquí* (1964), editado por Noitarenga e único libro da escritora alemá que foi integramente traducido a algunha das linguas da península. Esta pequena selección permite internarse na voz dunha muller que mediu as palabras como quen camiña cara ao abismo e, ao mesmo tempo, consciente do desafío que achegarse ao abismo supón.

LÍRICA

A non-palabra

destensada
entre

palabra e palabra.

UNICORNIO

A ledicia
este modestísimo animal
este tenro unicornio

tan silencioso
non se escoita
cando vén, cando marcha
o meu animal de compañía
ledicia

cando ten sede
lambe as bágoas
dos soños.

RETORNANDO

Todas as lembranzas adormecidas
moi lonxe
moi lonxe por riba da meta
de tanta saudade.

Mais sen a tenrura
dun gromo
non hai medra
a protección
dunha man.

A longa espiral
na que aprendemos
todo
tarde de máis.

ARS LONGA

A respiración
na gorxa dun paxaro
a respiración do ar
nas pólas.

A verba
como o vento mesmo
a súa sacra respiración
entra e sae.

Sempre atopa a respiración
pólas
nubes
gorxas de paxaros.

Sempre a verba
a verba sacra
unha boca.

NA OUTRA CARA DA LÚA

Na outra cara da lúa
camiñan
envoltos en roupas de outro
os teus verdadeiros días
viven
coma tamén ti
en claridade
desbotados de aquí
desterrados
deambulan alá
ti sabes que son teus.

Mais recolles
mañá tras mañá
os seus suplentes:
máis alleo
que todo país alleo.
Ti ben sabes
os teus
deambulan en claridade
vagan día tras día
ó teu carón
só que na outra cara da lúa.

¡QUEN PUIDERA!

Quen puidera
lanzar o mundo
ó alto
para que o vento
se lle meta.

NORMAS DE COMPORTAMENTO

Cúspeche na cara
desprega unha nube ó teu redor
di que chove.

Unha cara mollada de chuvia
é socialmente presentable
mesmo unha chorando.

Que non se preocupe
o maltratado
seralle perdoado.

Seguro que isto o sabía todo
xudeu
no Terceiro Reich.

Só os aforcados
colgaban aí
molestos á vista

e foron golpeados
moribundos
pola súa morte.

CORTA A PÁLPEBRA

Corta a pálpebra:
asústate.
Cose a túa pálpebra:
soña.

ANIMAL

1.

E sempre o xardín

baixo floridas árbores
sempre
o almorzo

baixo a terra
pobo do soño
os aforcados

os nosos nenos.

2.

Ósos e pedras
non lanzar
pedras
pedras non non lanzalas.
Construír muros con pedras.
Non construír
muros.

Deixar caer
os brazos
Erguer os brazos
abrazarse
chorando.
Instrucións
para brazos.

¡FOSTES VÓS, FOSTES VÓS!

A derradeira Terra
da Terra o derradeiro día
a derradeira paisaxe
que un derradeiro ollo humano ve
ilemrada
non transmitida
a ninguén máis que veña
este día
sen nome para chamalo
sen chamadas

non máis verde
non máis branco
non máis azul
que os días que vemos
ou negro
ou de cor lume
terá un serán
ou non terá serán ningún
a súa claridade a súa escuridade
incomparables.

O sol que brilla se é que brilla
non recibido
tras este día
¿Abrirase embaixo del?
¿Seremos nós
como asombrados
restituídos novamente
baixo unha luz duradeira?

¿Detonador da última mecha
vermes de eternidade?

DE NÓS

Lerase de nós en tempos vindeiros

Xamais quixen eu en tempos vindeiros
espertar a compaixón dos escolares.
Xamais deste xeito
estar nun caderno escolar.

Nós, condenados
a saber
e non actuar.

O noso po
máis nunca será terra

SALVA NOS

1.
Hoxe chamamos
hoxe nomeamos.
Unha voz
que di unha palabra
o padecido

con algo de ar que ascende en nós
con nada máis que a nosa respiración
vocais e consoantes
para dispor unha verba
un nome

doma
o indomable
obrígao
durante un latexo
a ser cousa nosa.

2.
Esta é a nosa liberdade
nomeando os nomes correctos
sen medo
coa voceciña

chamándonos
coa voceciña
nomear polo seu nome o que devora
con nada máis que a nosa respiración

salva nos ex ore leonis
de manter a boca aberta
na que habitar
non é a nosa escolla.

MÁIS FERMOSAS

Máis fermosas son as poesías da felicidade.

Así como a flor máis fermosa é que o talo
que a impulsa
máis fermosas son as poesías da felicidade.

Así como o paxaro é máis fermoso que o ovo
así como fermoso é cando abre o día
máis fermosa é a felicidade.

E máis fermosas son as poesías
que non escribirei.

COLONIA

A cidade somerxida
para min
soa
somerxida.

Eu nado
nestas rúas.
Outros camiñan.

As casa vellas
teñen grandes portas novas
de cristal.

Os mortos e eu
nadamos
a través das portas novas
das nosas casas vellas.

EXILIO

A boca moribunda
esfórzase
na palabra
correctamente falada
dunha lingua
allea.

NOITE

Tenderon a morta de meu sobor da auga
viaxo ríos abaixo

o Ródano o Rin o Guadalquivir
o Tabeirón nos trópicos.

No mar os cadaleitos.
Eu sen moeda entre os dentes

eu entro pasando á valga no meu leito
os caritativos

custodios
dos mortos queridos

excedente
máis inútil que a madeira de mar
no día.

RETORNO

Agora desaprendo
o valor
das latas de conservas
baldeiras.

Agora aprendín
a tirar coa lata
coa que a miña amiga Ramona
a convidaba
coa que a miña amiga Ramona
me
saca auga
da grande xerra de barro
na esquina das cabanas
cando teño segura
no bordo do mundo.

Agora aprendo onda vós
a esquecer
o valor
das latas aldeiras.

CINCO CANCIÓNS DE PARTIDA

1. Aquí.

Nenos indesexados
xéanse
as miñas verbas.

Vinde
quérovos
sentar
sobre as puntas quentes
dos meus dedos
bolboretas no inverno.

O sol
pálido coma unha lúa
tamén brilla aquí
neste país
onde degustamos ata a fin
sermos diferentes.

2. Poesía partida.

As cousas venme vir
descalza
devólvolle a liberdade
á miña cama que quería ser a miña cama
á miña mesa
ás paredes que prometeron agardar por min
como as paredes da infancia.
Miñas tenras cousas
queríadesme coleccionar.

Cousas
védesme marchar.

3. Gorézome ante a cousa máis pequena

Gorézome ante a cousa máis pequena
a eternidade do brión
húmido
do tamaño dun dedo
dende a infancia
ata hoxe.

Eu Gulliver
pouso a miña face neste brión
Gulliver
un seu paso
erguéndome
cruzaría a fronteira do país.

4. Non é tempo de aventuras

Cando as fins do mundo che son suburbios

coñeces o olor
empurras as letras unha contra as outras
que abren
e entras
non
na amplitude
noutra angostura.

Dende a túa porta
¿Onde pois?
¿Non vives recollida
coma todos
soa
coma todos
nas fauces do teu tigre?

Non, non é tempo
de aventuras.

5. "Silence and exile"

Exilio imperdible
lévalo contigo
enfiaste nel
labirinto pregado
deserto portátil.

DISTANCIAS

1.

A persoa este animal doméstico

Meteco do soño
anfibio
os pés nun soño
as mans nun cuarto
camiñando por soños alleos
sempre no país descoñecido
dos outros
sen nunca
ver o propio ollo
só no soño
só de lonxe
só no ollo do outro.

2.

Distancias

A abraiada punta do dedo
o índice
que a ti
ou que ós outros
toca
que deixa un rastro
non deixa rastro ningún
o teu índice
un abraiado
un irrepetible
centímetro
de pel.

3.

A suave xema
irrepetible
tocas
a pel das cousas
moi suavemente
a súa cara exterior.

4.

O teu dedo único
a túa man
chea de dedos únicos
a túa man mortal
de camiño
ó aprehensible
acariñando
a súa cara exterior.

O teu suave dedo
unha semente sobre o asfalto
non bota raíces
nas entrañas
das cousas.

5.

As cousas
teñen mans fortes
nós somos permeables
sementan en nós
sen verbas
as súas sementes
en nós, únicas,
elas,
as que permanecen.

Nós preñadas
cos nosos mortos
os nosos vivos
coas cousas
desmemoriadas
imos
sobre o seu pavimento
e imos
aló.